

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

RIANXO

Intervención

Aprobación definitiva do crédito extraordinario 1/2023 e do suplemento de crédito 2/2023

EDICTO

Aprobación definitiva do crédito extraordinario 1/2023 e suplemento de crédito 2/2023

O Pleno Municipal do Concello de Rianxo, na sesión extraordinaria do 09/06/2023, acordou aprobar inicialmente o crédito extraordinario 1/2023 e o expediente de suplemento de crédito 02/2023, que inclúe un investimento financiado con fondos europeos no marco do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

De acordo cos artigos 177.2 e 169.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei das facendas locais (TRLFL), o antedito acordo publicouse no BOP núm. 105, do 05/06/2023.

En relación co investimento financiado cos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, a disposición adicional sétima do Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, modificada pola disposición final 31.8 do Real Decreto-lei 6/2022, do 29 de marzo introduce unhas disposicións específicas na xestión dos créditos orzamentarios das entidades locais, destinados a proxectos financiados con fondos europeos no marco do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. Segundo este precepto, a aprobación inicial deste suplemento de crédito é inmediatamente executiva, sen prexuízo das reclamacións que se promovan contra ela. As reclamacións deberán substanciarse dentro dos oito días seguintes aos da súa presentación, entendéndose desestimadas de non notificarse a súa resolución dentro do dito prazo.

En relación co resto de actuacións, aplícase o réxime xeral do TRLFL, de modo que, transcorrido os quince días hábiles de exposición pública, sen que se presentasen reclamacións, o acordo enténdese aprobado definitivamente e debe publicarse no BOP para a súa entrada en vigor.

Durante o período de quince días hábiles de exposición pública non se presentou ningunha reclamación.

De acordo cos anteditos artigos, procédese á publicación do resumo por capítulos do orzamento, que inclúe as anteditas modificacións, que queda co seguinte detalle:

Cap	Gastos			Ingresos		
	Créditos iniciais	Modificacións	Créditos definitivos	Previsións iniciais	Modificacións	Previsións definitivas
1	3.164.885,48	410.868,80	3.575.754,28	2.753.872,10	0,00	2.753.872,10
2	3.813.725,11	476.879,91	4.290.605,02	65.804,05	000	65.804,05
3	18.000,00	0,00	18.000,00	1.470.013,51	0,00	1.470.013,51
4	265.029,01	19.857,48	284.886,49	3.447.404,09	529.696,11	3.977.100,20
5	0,00	0,00	0,00	1.000,00	0,00	1.000,00
6	141.797,25	2.767.718,88	2.909.516,13	0,00	0,00	0,00
7	0,00	0,00	0,00	0,00	1.299.141,35	1.299.141,35
8	10.000,00	0,00	10.000,00	10.000,00	662.505,18	672.505,18
9	163.943,04	58.705,70	222.648,74	0,00	1.189.182,74	1.189.182,74
Total	7.577.379,89	3.734.030,77	11.311.410,66	7.748.093,75	3.680.525,38	11.428.619,13

Contra este acto, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, de conformidade co artigo 171.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o seguinte ao da publicación deste acordo, segundo o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo da xurisdición contencioso-administrativa. Todo elo sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime oportuno en defensa do seu interese.

Rianxo, xoves 13 de xullo de 2023

O alcalde, Julián Bustelo Abuín